



CONCELLO DE PONTECESO  
 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

## **BASES PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A COBERTURA DE POSTOS DE PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL).**

### **PRIMEIRA.-OBJECTO DA CONVOCATORIA**

É obxecto da presente convocatoria é formar a formación dunha bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para a cobertura de postos de PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL). O proceso selectivo será o concurso-oposición, conforme ao disposto no artigo 61, apartados 1 e 3 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro (en adiante TREBEP).

### **SEGUNDA.-REQUISITOS DOS ASPIRANTES**

1. Para seren admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados ós que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Ter cumpridos os 16 anos da idade, e non superar a idade máxima de xubilación.

c) Estar en posesión do título de graduado en educación secundaria obrigatoria ou graduado escolar ou equivalentes ós efectos laborais. (O certificado de escolaridade considérase equivalente ó Graduado Escolar segundo Orde de 20 de xuño pola que se establece a equivalencia do certificado de escolaridade e de outros estudos co título de graduado escolar regulado na Lei 14/1970, de 4 de agosto, xeral de Educación e financiamento da reforma educativa a efectos laborais).

d) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

e) Non ter sido separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

f) Estar en posesión do permiso de conducir tipo C. 2. Todos os requisitos exixidos no apartado anterior deberán posuílos os aspirantes no día de remate do prazo para a presentación de solicitudes e conservalos, ó menos, ata a data do seu nomeamento como persoal laboral, no seu caso.

### **TERCEIRA.-SOLICITUDES**

1. As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas convocadas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde do Concello de Ponteceso. A instancia conterá, a lo menos, os datos persoais do solicitante coa súa dirección e a denominación da praza convocada á que opta e farase constar, expresamente, que se reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na Base segunda da convocatoria. Xunto coa instancia achegarase a documentación que o aspirante desexe que sexa tida en conta na fase de concurso, e conforme ó establecido nos apartados posteriores das presentes Bases.

2. O prazo mínimo para a presentación de solicitudes será de 7 días con publicación na WEB do concello e cando menos, nun dos diarios de maior difusión da provincia.

3. A presentación de solicitudes poderá facerse ben no Rexistro Xeral do Concello de Ponteceso ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, será de SETE (7) DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria nun periódico de difusión rexional e na páxina web municipal, <https://www.ponteceso.gal>. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante telegrama durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

4. Os aspirantes quedan vinculados ós datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

#### **CUARTA.-ADMISIÓN DOS ASPIRANTES**

1. Rematado o prazo dos 7 días fixado para a presentación de solicitudes a resolución da alcaldía acordará a aprobación da lista de admitidos e excluídos, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, a cal se publicará no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial.
2. Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 3 días, contados a partires do seguinte ó da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoa ou desestimándoa con publicación da lista definitiva no Taboleiro de anuncios e na web municipal. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

#### **QUINTA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR**

O Tribunal cualificador deste concurso-oposición estará integrado polos membros que de seguido se relacionan:

Presidente: -Titular: -Suplente:

Vogais: -Titular: -Suplente: -Titular -Suplente: -Titular: -Suplente:

Secretario: -Titular: -Suplente:

Todos os membros dos Tribunais, deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada e terán voz e voto.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do seu presidente. O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ó exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección. O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

A abstención e recusación dos membros da Comisión de Valoración realizarase de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, valorar os méritos e aplicar os baremos correspondentes.

Os efectos de percepción de asistencias polos membros concorrentes ás sesións da comisión de valoración, estarán clasificados na categoría que establece o Anexo IV do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servicio.

#### **SEXTA.-COMEZO DOS EXERCICIOS**

1. A data e hora na que deberá constituírse o Tribunal (ós efectos de valoración do concurso e elaboración das probas) será determinada pola Alcaldía mediante acordo, xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos e a data da celebración do primeiro exercicio, a cal publicárase mediante anuncio no taboleiro de anuncios do concello.
2. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, quedando decaídos no seu dereito os opositores que non compareceran a realizalo, salvo os casos debidamente xustificadas que serán resoltos motivadamente polo Tribunal.
3. Os aspirantes deberán presentarse para a realización de cada exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

#### **SÉTIMA.-DESENVOLVEMENTO DOS EXERCICIOS DAS PROBAS SELECTIVAS**

1. En calquera momento o Tribunal poderá requirir ós opositores para que acrediten a súa identidade.
2. A orde de actuación dos opositores para a realización daqueles exercicios que non poidan facerse de xeito simultáneo, comezará polos que o primeiro apelido corresponda coa letra que determine a Resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública para o ano de celebración dos exercicios.



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

3. Se en calquera momento do proceso selectivo chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na respectiva convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer ó Sr. Alcalde a súa exclusión indicando as inexactitudes ou falsidades observadas ós efectos procedentes.
4. Concluído cada un dos exercicios da oposición correspondente, o Tribunal fará pública, no Taboleiro de Anuncios, a relación de aspirantes que o superaran con indicación da puntuación obtida. Os opositores non incluídos na lista terán a consideración de non aptos.
5. A relación de aprobados en cada exercicio polo Tribunal deberá publicarse no taboleiro de anuncios, a lo menos con 12 horas de antelación, á nova reunión do Tribunal cando se trate do mesmo exercicio e con 24 horas de antelación cando se trate dun novo exercicio.
6. Dende o total remate dun exercicio ou proba ata o comezo do seguinte deberán transcorrer a lo menos 72 horas e un máximo de 45 días naturais.
7. Contra os acordos do Tribunal poderá interpoñerse recurso administrativo ante o órgano competente conforme ó previsto na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

**OITAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS SELECTIVAS FASE DE CONCURSO FASE DE OPOSICIÓN:**

**1. FASE OPOSICIÓN**

**A) PRIMEIRO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario tipo test, ós efectos de dar cumprimento ó previsto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, de 50 preguntas con respostas alternativas baseadas no contido do programa da convocatoria, durante un período de 70 minutos e determinado polo Tribunal, que se reunirá na data que se acorde no momento da súa constitución, ós efectos da elaboración do mesmo.

**B) SEGUNDO EXERCICIO DE CARÁCTER OBRIGATORIO E ELIMINATORIO**

Consistirá na realización dunha proba práctica sobre as funcións a desenvolver (primeiros auxilios, excarceración de vehículos, incendios, etc.), tendo en conta o temario que figura como Anexo I, e que será determinado polo Tribunal antes da súa realización.

**C) TERCEIRO-PROBA DE GALEGO**

O artigo 35 da Lei 2/2009, de 23 de xullo, de modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, establece: "...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente..." En cumprimento do sinalado os aspirantes deberán realizar unha proba que consistirá na tradución directa dun texto elixido polo tribunal do castelán ó galego sen axuda de dicionario nun tempo máximo de 30 minutos. Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten, antes de que remate o prazo de presentación de solicitudes, posuír o Celga 2, curso de iniciación ou estudos equivalentes. Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

**2. FASE DE CONCURSO:**

O máximo de puntos que se pode obter na fase de concurso non poderá ser superior a 10 ( sobre un total de 30 puntos da puntuación total do procedemento, ou proporción que resulte equivalente). O tribunal valorará os méritos alegados e xustificadas documentalmente polos aspirantes conforme o seguinte baremo:

**1. Méritos Profesionais.**

- a) Por cada mes completo desempeñando un posto de traballo como persoal dos Grupos de Emerxencias Supramunicipais nos últimos catro anos à 0,10 puntos ata un máximo de 3 puntos.



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

b) Por cada mes completo prestando, nos últimos catro anos, servizos operativos de intervención directa en emerxencias, accidentes, incendio, e outras labores de salvamento, no ámbito da protección civil municipal ou Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil de carácter público

0,10 puntos, ata un máximo de 2,5 puntos.

c) Por ter prestados servizos en calquera das Administracións Públicas nos últimos catro anos en postos de traballo semellantes aos que se convocan

0,10 puntos por cada mes completo ata un máximo de 0,5 puntos.

A estes efectos non se computarán servizos que fosen prestados simultaneamente con outros igualmente alegados e reduciranse proporcionalmente os prestados a tempo parcial ou en períodos de tempo menores aos sinalados.

### 2. Cursos, seminarios, congresos, xornadas.

Participar en actividades formativas, sempre que se atopen relacionadas coas funcións a desenvolver e organizados, ben por unha Administración Pública, unha Universidade ou impartidos por empresas privadas homologados por unha Administración Pública):

- Por cursos de 10 a 20 horas de duración: 0,10 puntos.
- Por cursos de 21 a 40 horas de duración: 0,20 puntos.
- Por cursos de 41 a 100 horas de duración: 0,30 puntos.
- Por cursos de máis de 100 horas de duración: 0,50 puntos.

Os cursos nos que non se exprese duración ningunha serán valorados coa puntuación mínima. Na acreditación de seminarios permanentes que duren un curso lectivo deberán especificarse o número de horas, no caso contrario valoraranse coa puntuación mínima. No suposto de que a duración do curso se exprese en días, establécese unha equivalencia de 5 horas por cada día de curso.

Aos efectos da súa valoración os títulos ou documentación acreditativa deberán indicar o contido dos cursos, seminarios, congresos, xornadas

A documentación que deberá de presentarse para xustificar os méritos que se alegan para a súa valoración conforme ao baremo indicado será a seguinte en cada caso:

A experiencia profesional como persoal dos GES, protección civil ou en praza ou posto de igual contido no ámbito da administración Pública xustificárase:

Presentando certificación expedida pola Secretaría ou calquera outro órgano da Administración con competencias en materia de persoal, onde constarán os seguintes datos:

- Denominación dos postos de traballo que desempeñaran con expresión do tempo que os ocupara.
- Relación xurídica que mantivo ou mantén no desempeño dos postos coa Administración. Para acreditar que se ocupa ou se ocupou praza ou posto de igual ou similar contido, cando non coincidan a denominación dos que se ocuparan co da praza á que se opta, o interesado deberá de achegar certificado no que consten as funcións desenvolvidas.

Para acreditar os méritos sinalados nos puntos 2 e 3 do baremo deberá de achegarse fotocopia compulsada dos documentos oficiais que os acrediten. Os puntos obtidos na fase de concurso sumaranse á puntuación obtida na fase de oposición aos efectos de establecer a orde definitiva de aprobados. Estes puntos non poderán ser aplicados para superar os exercicios da fase de oposición. A puntuación máxima a outorgar nos anteriores apartados, será a seguinte:

- Méritos profesionais: Máximo 6,00 puntos.
- Cursos e Seminarios, etc.: Máximo 2,00 puntos

### 3. Titulacións oficiais en materia de emerxencias e protección civil

Por estar en posesión do Título de Técnico en emerxencias e protección civil, ou do Técnico Superior en Coordinación de Emerxencias e Protección Civil: 2,00 puntos.

#### NOVENA.- CUALIFICACIÓN DOS EXERCICIOS DA OPOSICIÓN

Cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios, serán cualificados de 0 a 10 puntos, sendo necesario para aprobar cada un dos exercicios e acceder ó seguinte obter unha puntuación mínima de cinco puntos. A cualificación final virá determinada pola suma das cualificacións parciais obtidas polos aspirantes que foran superando todos e cada un dos sucesivos exercicios obrigatorios e eliminatorios, non computándose a fase de concurso a todos aqueles aspirantes que non superen a fase de oposición.

#### DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS



## CONCELLO DE PONTECESO

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

1. A cualificación final obterase sumando a puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición. Determinada a cualificación final dos aspirantes o Tribunal fará pública a relación de aprobados por orde de puntuación no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial.
2. O Tribunal, en ningún caso, poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ó das prazas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.
3. Porén, o Tribunal ó cualificar cada un dos exercicios non terá en conta a limitación anterior, a cal só se terá en conta para formular á Alcaldía a proposta coa puntuación final, os cales nunca poderán superar o número de prazas convocadas.
4. No caso de empate nas puntuacións totais de dous ou máis aspirantes, este resolverase tendo en conta a maior puntuación obtida no primeiro exercicio e se isto non fora suficiente pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que o empate se resolva. De persistir o empate este resolverase mediante sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

Unha vez superado o proceso de selección, e con carácter previo ao seu ingreso no grupo, os candidatos aprobados realizarán un curso de carácter teórico-práctico que se impartirá pola Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). A participación neste curso poderá excepcionalmente no caso de que o candidato conte co ciclo de formación de grado medio de técnico en emerxencias e protección civil.

### **DÉCIMO PRIMEIRA.- APORTACIÓN DE DOCUMENTOS POLOS ASPIRANTES PROPOSTOS.**

Os aspirantes propostos presentarán, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da relación de aprobados, os documentos acreditativos de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.:

- Documento Nacional de Identidade mediante fotocopia compulsada por ambos os dous lados.
- Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente.
- Certificado médico de non padecer enfermidade que inhabilite para o exercicio da función.
- Fotocopia compulsada do carné de conducir esixido na convocatoria.

Dentro do prazo indicado, e agás os casos de forza maior, os aspirantes propostos que non presenten a súa documentación ou non reunisen os requisitos esixidos, non poderán ser contratados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades nas que incorrese por falsidade na instancia na que solicita tomar parte no concurso-oposición.

### **DÉCIMO SEGUNDA.- CARÁCTER VINCULANTE DAS BASES**

As bases xerais e específicas desta convocatoria vinculan á Administración Municipal, ós Tribunais cualificadores e ós aspirantes que participen no proceso selectivo convocado.

### **DÉCIMO TERCEIRA.- INCIDENCIAS**

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias produza a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

### **DÉCIMO CUARTA.- REGLAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.**

1. Cos candidatos que superasen o proceso selectivo (ou os que superasen o primeiro exercicio da fase de oposición nos procedementos por oposición ou concurso-oposición) formarase unha lista por orde de puntuación total obtida, que será empregada para o chamamento de candidatos coa finalidade de realizar contratacións laborais temporais en aplicación dos supostos previstos no artigo 15.1 do Estatuto dos Traballadores (realización de obras ou servizos determinados, acumulación de tarefas e substitución de traballadores con dereito a reserva do posto de traballo). Soamente poderá prescindirse desta Bolsa de emprego cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario, ou no caso de contratacións financiadas con subvencións públicas a súa normativa reguladora impoña a utilización dun procedemento de




**CONCELLO DE PONTECESO**

 Rúa Concello, 18  
 15110 Ponteceso (A Coruña)

selección diferente, ou a existencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases. A formación e orde da bolsa de emprego cos candidatos, que aportaran a documentación exixida na base décimo primeira, aprobarase mediante a resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios e na web municipal.

2. O nomeamento dos aspirantes efectuarase atendendo á súa clasificación na bolsa de emprego, por orde decrecente de puntuación, que virá determinada pola suma total das puntuacións acadadas no proceso selectivo.

3. Os chamamentos realizaranse por vía telemática e telefónicas, ao enderezo electrónico e número de teléfono facilitados aos efectos, efectuándose, como mínimo, dúas comunicacións con un intervalo mínimo de 5 horas. Coa finalidade de posibilitar a mellor tramitación do procedemento, os/as interesados/as son responsables de comunicar ao concello calquera alteración do seu número de contacto. O/a empregado/a público que efectúe as comunicacións de chamamento fará constar mediante dilixencia a disposición do interesado a cubrir o posto para o que se realice o chamamento. De non atender os chamamentos, entenderase que o aspirante desiste do mesmo. Deixarase constancia documental no expediente.

4. Os integrantes da bolsa de emprego non perderán a orde de prelación que en cada momento lles corresponda, de tal maneira que se o nomeamento para a que son chamados finaliza, retornarán ao posto que novamente lles corresponda na lista.

5. Os integrantes da bolsa de emprego que, sendo convocados para facer efectiva a contratación non se presentaran ou renunciaran a esta sen causa xustificada, ou que renunciaren a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases, pasarán a ocupar a derradeira posición na lista. No caso de ser convocados por segunda vez e non atender o requirimento, serán excluídos da lista.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento, entre outras, as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as que se efectúa o chamamento.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa o chamamento ou estar convocada a realización de exames nas datas para as que se efectúa o chamamento.

C) Atoparse en situación de incapacidade médica que impida de xeito temporal o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), ou, en caso de paternidade, dentro das 4 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 días hábiles mais por cada fillo a partires do segundo).

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

Mediante Resolución da Alcaldía determinarase a procedencia do pase á derradeira posición da lista, así como a aceptación ou rexeitamento das causas alegadas polos candidatos para a renuncia ao chamamento e/ou o desestimento no posto de traballo.

6. A aceptación dun chamamento suporá a suspensión dos chamamentos ata que cese o primeiro nomeamento.

7. Os integrantes da bolsa de emprego que non se atopen prestando servizos poderán solicitar a suspensión das citacións mediante solicitude formulada a tal efecto. Dita solicitude, que será irrenunciable, terá efectos suspensivos nas citacións. Os seus efectos produciranse desde o décimo día natural seguinte contado desde a presentación da solicitude de suspensión no rexistro do órgano competente. O tempo de duración desta, a elección da/o interesada/o, será de dous, seis ou doce meses, segundo o solicite o interesado, computados desde a data de efectos da suspensión.

8. Unha vez comparecera o aspirante chamado segundo o orde da bolsa de emprego, por Resolución da Alcaldía procederase ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

9. O cese producirase por resolución da Alcaldía cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo ou cando se produzan algún dos supostos previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

10. A bolsa de emprego terá unha vixencia de dous (2) anos contados dende a aprobación pola Alcaldía da Resolución a que fai referencia a Base 9, apartado 1, prorrogables por outro mais.

**DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e



**CONCELLO DE PONTECESO**

Rúa Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

garantía dos dereitos diixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, Rúa Concello 18, 15110 Ponteceso.

**DÉCIMO SEXTA.- RECURSOS.IMPUGNACIÓN**

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas ante o órgano da xurisdición contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da última publicación destas. Poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo dun mes contra a convocatoria e as Bases, previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, que se poderá interpoñer no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no Taboleiro de edictos do Concello.

**DÉCIMO SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.**

De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos diixitais, infórmase que os datos incorporados á presente convocatoria son necesarios e teñen como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Ponteceso, Rúa Concello 18, 15110 Ponteceso.

Ponteceso, 11 de outubro de 2019.

O alcalde

Asdo.: Xosé Lois García Carballido

**ANEXO I –  
TEMARIO**

1. Protección civil. Funcións básicas e organización da protección civil en Galicia. Capítulos IV a VI do Plan Territorial de Emerxencias de Galicia.
2. Planificación en protección civil: Plans de emerxencia municipal.
3. Incendios urbanos: teoría do lume, tipos de lumes, equipos e medios contra incendios
4. Incendios forestais: tipos de incendios forestais, comportamento do lume, actuacións de prevención, métodos e medios de extinción.
5. Accidentes de tráfico e excarceración.
6. Mercadorías perigosas: clasificación, principais riscos, identificación, transporte e intervención en accidentes con mercadorías perigosas.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18  
15110 Pontevedra (A Coruña)

7.Fundamentos de primeiros auxilios: conceptos e clases, soporte vital básico e atención inicial nas emerxencias.

8.Plans de autoprotección: contido mínimo dos plans de autoprotección (Decreto 171/2010, de 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia).

## ANEXO II

### SOLICITUDE DE PARTICIPACION EN PROCESO DE SELECCION DE PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)

DATOS PERSOAIS:

NOME:

APELIDOS:

DNI, NIF OU PASAPORTE:

ENDEREZO:

NUM: PISO:

PORTA:

POBOACION:

C.P:

PROVINCIA

TELEFONO:

CORREO ELECTRONICO:

**CONVOCATORIA: bolsa de emprego para "PERSOAL PARA O GRUPO DE EMERXENCIAS SUPRAMUNICIPAL (PERSOAL LABORAL TEMPORAL)".**

O/a asinante SOLICITA SER ADMITIDO no proceso selectivo a que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela e que reúne todos os requisitos esixidos na Convocatoria do proceso selectivo anteriormente citado. SE ADXUNTA A ESTA SOLICITUDE TODA A DOCUMENTACIÓN ESIXIDA na Convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran anteriormente. Así mesmo, autorizo ao órgano xestor a que se consulten os meus datos de carácter persoal obrantes na Administración.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL: De conformidade co previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, infórmase que os datos incorporados á presente instancia son necesarios e ten como finalidade tramitar a súa solicitude. Poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos nos termos previstos na citada Lei Orgánica, dirixíndose por escrito ao Concello de Pontevedra, rúa Concello, 18, 15110 Pontevedra.

Pontevedra, ..... de..... de 2019

Sinatura:

Asdo.:

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTECESO**